

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Luís Seoane do 25/03/1974**

**Colección:**

**Data:** 25/03/1974

**De:**

Francisco Fernández del Riego;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa e o membrete:]

**Temáticas:**

*Comunicacións mesturadas; Historias e invencións de Félix Muriel; Artes; Artes visuais; Literatura; Medios de comunicación; Prensa escrita;*

**Mencionados:**

Casilda Alfaro; Evelina Hervella; Carlos Maside; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Luís Seoane do 25/03/1974**

EDITORIAL GALAXIA, S.A./ Reconquista, 1/Teléfono, 18204/ VIGO  
25-marzo-1974  
Sr. D. Luís Seoane  
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín oportunamente a túa carta do día 31 de xaneiro. Estiven varias veces pra cha responder, pero unha chea de obrigas e problemas foron demorando a contestación.

Non conozo ese traballo do crítico catalán aparecido na revista de Bellas Artes de Madrid, a que te refires. Gostaríame moito leelo, e aproveitar a lectura pra facer unha reseña bibliográfica en Grial. ¿Cómo podería facerme con el? Tamén faremos no próximo número da nosa revista un comentario sobre dos derradeiros álbumes que editache.

Todos os que tiveron ocasión de conocer o artigo que publicóu hai tempo no Faro o poeta exiliado en Madrid, considerárono torpe e parvamente inxusto. De todos xeitos, ninguén lle deu maior importancia e agora está totalmente esquecido.

A edición de Comunicacions mesturadas síguese vendendo de a pouco. Como se trata dun volume que nunca perde actualidade, a súa saída non se interrompe.

Alédame que te decidas a escribir ese libro sobre Maside. Coido que se trata de algo necesario e que a figura do grande artista merece. Ninguén coma ti, que viviche moi perto do home e da obra, podería facer con máis autoridade ese libro.

Por aquí todo anda máis ou menos como decote. A reedición do Félix Muriel tivo grande éxito de crítica, do que xa estarás enterado. Axúntoche un comentario de Alfaro publicado no ABC. ¿Qué che parece do asunto? Tamén acompaño outros dous recortes de El Progreso nos que fala de ti.

Garimosos saúdos a Maruxa. De Evelyn pra os dous, e pra tí a cordial aperta de sempre, de Paco

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.